



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

### **ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE DOCE PEÓNS, CATRO PEÓNS CONDUTOR E CATRO XEFES DE BRIGADA PARA CATRO BRIGADAS DO SERVIZO “BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS” DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN.**

5 de maio de 2026

Reunido telemáticamente o tribunal na data que consta no encabezamento; e de conformidade có que se establece nas bases que rexen o proceso selectivo para a provisión das prazas sinaladas, procedeuse como se recolle nesta acta.

De acordo coa certificación da Secretaría do Tribunal, durante o **prazo** de dous días hábiles para revisión e **presentación de reclamacións**; prazo que **rematou ás 00:00 horas do venres 1 de maio de 2026**; tiveron entrada no rexistro xeral da Mancomunidade as seguintes:

1. Escrito núm. 2026-E-RE-94, de Daniel Gil Conde.
2. Escrito núm. 2026-E-RC-117, de Santiago González Rodríguez

O Tribunal procede a analizar detidamente as mesmas, do seguinte xeito.

#### **1. Alegacións de Daniel Gil Conde.**

Alega este aspirante para o posto de **Xefe de Brigada “disconformidad con la valoración de méritos de experiencia”**, xa que afirma:

*“1º. Considero que non se me valoraron correctamente os méritos correspondentes á categoría de xefe de brigada.*

*2º. Segundo o establecido nas bases da convocatoria: “Por servizos remunerados prestados na Administración pública ou empresa pública (TRAGSA, SEAGA, ...) na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo”.*

*3º. Tal e como acredito mediante a vida laboral e os contratos achegados, teño un total de 11 meses traballados na Consellería do Medio Rural e máis de 1 mes no Concello de Calvos de Randín, o que suma un total de 12 meses computables.*

*En consecuencia, a puntuación correspondente á experiencia debería ser de:  $0,40 \times 12$  meses = 4,80 puntos, fronte aos 3,20 puntos que figuran na acta de valoración.*

*4º. Ademais, no apartado de formación, debería COMPUTARSE a puntuación máxima*



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

de 2 puntos, dado que se achegaron cursos en número e puntuación superiores ao límite establecido na convocatoria.

5º. Polo tanto, a puntuación total no apartado de méritos debería de ser de: 4,80 puntos (experiencia) + 2 puntos (formación) = 6,80 puntos.”

O tribunal considera consonte coa base CUARTA.2, “a experiencia profesional acreditarase mediante a presentación conxunta do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e **copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.**”

O candidato presentou polo rexistro electrónico un contrato de capataz de incendios forestais de 29/07/2024 do concello de Calvos de Randín de duración de 39 días indicado na vida laboral e un contrato bombeiro forestal xefe de brigada de 06/09/2024 da Xunta de Galicia – Consellería de Medio Rural de duración 71 días indicado na vida laboral. **O candidato non presentou máis contratos para capataz de incendios forestais, bombeiro forestal xefe de brigada ou similares**, sendo a súa puntuación final de méritos de 1,20 de experiencia profesional e de 2,00 de formación.

Consecuentemente, **esta alegación** carece de fundamento polas razóns expostas, polo que **deberá ser desestimada plenamente.**

### **2. Alegación Santiago González Rodríguez**

Alega este aspirante para o posto de **peón de Brigada “disconformidad con la valoración de méritos”**, xa que afirma:

Que a súa puntuación de méritos debería ser de 1,95 en vez de 1,75.

O tribunal constata que a puntuación do candidato é errónea segundo a Base cuarta (...)  
**1. Experiencia profesional:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 6 puntos.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública ou empresa pública (TRAGSA, SEAGA,...) na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo. (...)

**2. Formación:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados,



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

relacionados coas función do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 40 horas: 0,50 puntos/curso.
- Cursos de máis de 41 horas: 0,75 puntos/curso. (...)

Sendo a puntuación por experiencia de 1,20 e formación de 0,75 sumando un total de 1,95 do candidato.

Consecuentemente, **esta alegación é estimada** polas razóns expostas.

\*\*\*\*\*

Consonte con todo o anterior, trala análise pormenorizada das alegacións que se presentaron e dos argumentos e das fundamentacións sobre as que se sustentan; revisada unha vez máis detidamente a documentación aportada polos alegantes xunto coas súas instancias para participar neste procedemento selectivo, así como a actuación e acordos do Tribunal; e con base nos razonamentos anteriormente sinalados para cada un dos aspirantes que presentaron alegacións; o **Tribunal:**

**PRIMEIRO: Desestima íntegramente a alegación** Daniel Conde Gil.

**SEGUNDO: Estima** a alegación de Santiago González Rodríguez.

**TERCEIRO: Ratifica íntegramente a valoración de méritos**, tanto no apartado de “Experiencia profesional” como no apartado de “Formación” do aspirantes Daniel Conde Gil

Todo elo reflexado no seguinte cadro:

Nome e apelidos	Exp. profesional	Formación	Total, Méritos
Daniel Conde Gil	1,20	2,00	<b>3,20</b>



## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

---

**CUARTO: Corríxese a valoración de méritos** para o posto de PEÓN do aspirante Iris Santiago González Rodríguez; de acordo co seguinte cadro:

Nome e apelidos	Exp. profesional	Formación	Total, Méritos
Santiago González Rodríguez	1,20	0,75	<b>1,95</b>

O tribunal remata a súa actuación na hora da derradeira sinatura electrónica deste documento.

A presidenta

O secretario

Isabel Rodríguez Carrera

Santiago Lorenzo Taboada

O Vogal

O Vogal

José Fírvida Rodríguez

José Ángel Basalo Coutado